

**PROGRAMA DE MOBILIDADE DE ESTUDANTES  
POR CONVENIO BILATERAL  
Convocatoria 2021/22: Estadías no curso 2021/22  
(semestrais ou de curso completo)**

**Resolución do 25 de novembro de 2020 pola que se convocan prazas de mobilidade para  
estudantes da Universidade de Santiago de Compostela (USC) cara universidades de países  
extracomunitarios por convenio bilateral**

A USC convoca para o curso académico 2021/22 prazas de mobilidade para a realización de estudos en diversas universidades de países extracomunitarios (países de América Latina, Europa do Leste e Asia; Suíza, Estados Unidos, Canadá e Australia) e coas que a USC ten formalizado un convenio de intercambio bilateral de estudantes.

Debido a suspensión da participación Suíza no programa Erasmus+, esta seguirá tendo, de forma transitoria para o curso 2021/22, un status de terceiro país coas universidades do E.E.E.S. coas que teña un acordo interinstitucional polo que a mobilidade de estudantes se implementará por convenio bilateral en base aos acordos Erasmus existentes.

De conformidade co art. 33 da Lei 39/2015, a esta convocatoria aplicaráselle o procedemento de tramitación de urxencia, quedando reducidos á metade os prazos ordinarios, excepto no caso das solicitudes e os recursos.

Esta convocatoria vai dirixida ao estudantado matriculado nun programa oficial de grao ou mestrado, e está suxeita ao Regulamento de Intercambios Interuniversitarios da USC aprobado polo Consello de Goberno o 26 de outubro de 2012 e ás seguintes bases reguladoras:

**1. OBXECTO E FINALIDADE DA CONVOCATORIA**

1.1 As prazas ofertadas nesta convocatoria son as recollidas nos Anexos I e II desta resolución. Non figuran nesta oferta institucións cuxos prazos de solicitude para o período obxecto desta convocatoria non sexan posibles de cumprir para as candidaturas propostas. Tampouco figuran institucións que non responderon positivamente aos intercambios en convocatorias pasadas ou que por mor de equilibrio entre estudantes recibidos e enviados solicitaron non recibir estudantes no próximo curso.

En ningún caso se poderán conceder ao abeiro desta convocatoria prazas de mobilidade en institucións de educación superior distintas das recollidas nos Anexos I e II.

1.2 A finalidade do programa de mobilidade é ofrecer ao estudantado da USC a posibilidade de realizar estudos, durante un ou dous semestres, nas diversas universidades participantes coas que a USC teña suscrito o debido convenio. Estes estudos serán plenamente recoñecidos pola USC e pasarán a formar parte do expediente académico do estudantado nesta institución. O recoñecemento só se denegará se o/a estudante non acada o nivel requirido na institución de acollida ou non cumpre, por outros motivos, as condicións esixidas polas institucións participantes para acadar o pleno recoñecemento.

1.3 Mobilidade e COVID-19: A concesión e realización das mobilidades está condicionada á evolución da situación da pandemia.

## 2. REQUISITOS XERAIS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA

2.1 Nesta convocatoria poderá participar o estudiantado matriculado na USC no curso 2020/21 na mesma titulación para a que solicita o intercambio, que corresponda a estudos conducentes a obtención dun título oficial de grao ou mestrado, e que teña unha nota media mínima de 6 (protocolo SUG). Este requisito deberá cumprirse con data 31/10/2020. O período de estudos no estranxeiro deberá formar parte integral do programa de estudos do centro de orixe.

2.2 Non poderá participar nesta convocatoria o estudiantado que xa realizase dúas mobilidades a través deste mesmo programa.

2.3 A presente convocatoria non é de aplicación aos investigadores en formación (doutorandos en etapa de tese). Queda excluído o estudiantado matriculado na USC en réxime de intercambio en virtude doutros convenios ou programas de mobilidade.

2.4 Serán excluídas de oficio as candidaturas do estudiantado que, resultando seleccionado en anteriores convocatorias de programas de mobilidade, non presentara a súa aceptación ou renuncia no prazo ou forma debido, ou presentasen renuncias fóra de prazo sen causa xustificada, tendo como consecuencia a suspensión da participación en programas de intercambio da USC.

2.5 Tamén serán excluídas do proceso de selección as candidaturas de grao que non teñan superado o 15% dos créditos da súa titulación. Este requisito deberá cumprirse con data 31/10/2020. Tamén se entenderá que teñen acreditado este requisito as persoas candidatas que teñan solicitada a adaptación de estudos dos antigos plans de estudo ao grao, sempre que teñan superado o 15% dos créditos do antigo plan de estudos. En todo caso, entenderase que os estudantes dunha titulación de posgrao oficial ou que posúan calquera título universitario teñen acreditado este requisito.

2.6 Os requisitos xerais para participar na convocatoria deben posuírse no momento que expire o prazo de presentación de solicitudes e deben manterse durante todo o tempo que dure o intercambio.

2.7 A aceptación dunha praza de mobilidade significa a renuncia a seguir participando noutras convocatorias que se puidesen ter publicado de xeito paralelo. Polo tanto, aceptada formalmente unha praza no prazo establecido, o/a estudante deberá renunciar a seguir participando na selección para outros programas de mobilidade convocados pola Oficina de Mobilidade a que concorrese para o mesmo curso académico. Non obstante, poderá aceptar unha praza e optar a outra doutro programa dentro do mesmo curso académico se son para períodos distintos. O incumprimento da obriga de renunciar poderá ser causa de penalización, retirándose a praza obtida e non permitindo que se volva a presentar a convocatorias da Oficina de Mobilidade. Se se detecta tal circunstancia a Oficina de Mobilidade cancelará as candidaturas de oficio e comunicará a resolución ao estudante.

## 3. FINANCIACIÓN E AXUDAS ECONÓMICAS

3.1 O estudiantado poderá optar ás bolsas que puidera convocar o goberno autonómico ou outros organismos para os estudantes seleccionados para realizar unha mobilidade a países extracomunitarios. Pode que algunha universidade ofertada conceda unha bolsa específica de mantenza ou aloxamento a estudantes da USC (Consultar o apartado Posibilidades de apoio financeiro pola institución de destino no Anexo I).

3.2 No caso das Universidades do Anexo II a universidade suíza receptora será a responsable de aboar aos estudantes entrantes unha cantidade fixa por cada mes da estancia. Como referencia o curso pasado a cantidade foi de 440 francos por cada mes da estancia dende 5 e ata un máximo de 9 meses. Esta convocatoria de intercambio non supón en ningún caso obrigas financeiras para a USC.

3.3 A asignación dunha praza a través deste programa de mobilidade por convenio bilateral implicará unicamente a exención de matrícula na universidade de destino. O estudantado seleccionado non deberá pagar taxas académicas (en concepto de matrícula, inscrición, exames, uso de laboratorios, bibliotecas, etc.) na institución de acollida durante o período de mobilidade acordado. Non obstante, a institución de acollida pode esixir o pagamento de taxas reducidas para cubrir os custos do seguro, a afiliación a sindicatos de estudantes e/ou o uso de materiais diversos, tales como fotocopias, produtos de laboratorio, etc., nas mesmas condicións que os estudantes ordinarios desa institución. Tamén pode esixir a contratación dun determinado seguro de saúde.

#### 3.4 Axudas da Xunta de Galicia

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia pode conceder axudas económicas ao estudantado de calquera das universidades desta comunidade autónoma que teñan concedida unha bolsa de mobilidade con destino en países extracomunitarios. Ata a actualidade, a Consellería excluía destas axudas ao estudantado de mestrados e a aquel que xa tivese obtido esta axuda en cursos anteriores. A Oficina de Mobilidade informará puntualmente ao estudantado de Convenio Bilateral da publicación destas axudas, que deben ser solicitadas directamente pola persoa interesada á Consellería conforme ao procedemento establecido nas bases da convocatoria.

3.5 O estudantado seleccionado que posúa bolsas ou préstamos de carácter nacional seguirá percibíndoos na súa totalidade durante o período de estudos no estranxeiro, agás que a convocatoria da bolsa da que se trate estableza a incompatibilidade.

## 4. DURACIÓN

4.1 As persoas seleccionadas para o intercambio realizarán a mobilidade no período que corresponda ao **primeiro semestre, segundo semestre ou curso completo 2021/22 da USC**, sempre segundo as datas marcadas polo calendario da universidade de destino.

4.2 O comezo das clases nas distintas universidades dependerá do seu calendario académico específico. No caso de non poder incorporarse fisicamente na data prevista quedarán decaídos nos seus dereitos. Non se aceptará a incorporación á universidade de destino en data posterior á sinalada por esta para o comezo do semestre.

## 5. AMPLIACIÓN DA ESTADÍA

5.1 Se a mobilidade concedida é dun único semestre, unha vez incorporado no destino, o estudantado interesado poderá solicitar ampliala para cursar o seguinte semestre na mesma universidade.

5.2 A ampliación non está garantida posto que depende do número de prazas acordadas entre as universidades de acollida e a USC para cada curso académico.

5.3 Isto significará que as prazas que sexan prorrogadas restarán do número de prazas dispoñibles para esa mesma universidade para os novos solicitantes de convenio bilateral na convocatoria inmediatamente

posterior, sempre e cando a ampliación de estadía se aprobe antes do lanzamento da nova convocatoria, en caso contrario a ampliación non está garantida.

5.4 A concesión da prórroga da estadía estará en calquera caso supeditada á autorización da universidade de destino en base ao aproveitamento positivo da estadía, á autorización do Responsable Académico de Mobilidade (RAM) do centro ao que pertence o estudante, e á do coordinador institucional da USC. En caso de non conceder a ampliación da estadía, esta decisión será motivada por escrito ao alumno.

5.5 Os estudantes que realicen unha ampliación de estadía terán que enviar xunto coa solicitude de ampliación a proposta de modificación do acordo de estudos (ver punto 16) para engadir as materias do novo semestre.

## 6. REPETICIÓN DA MOBILIDADE POR CONVENIO BILATERAL

O alumnado que estea xa participando ou participara no programa de mobilidade a universidades de países extracomunitarios poderá repetir a mobilidade unha soa vez máis. Solicitará a mobilidade para outro país ou para o mesmo país nunha universidade distinta.

## 7. REQUISITOS LINGÜÍSTICOS

7.1 O estudantado deberá acreditar, antes do remate do prazo de solicitudes, o coñecemento da lingua oficial do país de destino ou da lingua de uso da universidade de acollida. Se na data de fin de prazo de solicitudes aínda non se contase co certificado correspondente, deberá declararse na solicitude que o requisito se superou en prazo, á espera da súa acreditación documental durante o prazo de emenda da solicitude. Esta acreditación deberá probar que o requisito se reunía antes do fin de prazo de solicitudes.

7.2 Non se lle esixirá acreditar o nivel de idioma a aquelas persoas que teñan a **nacionalidade** do país no que desexan realizar a mobilidade ou nacionalidade dun país que teña como lingua oficial a requirida para a universidade solicitada. Esta circunstancia deberase indicar e acreditar (con copia do pasaporte ou tarxeta de identidade) coa solicitude.

### 7.3 BRASIL.

O estudantado que solicita unha estadía en Brasil terá que acreditar na súa solicitude o coñecemento de portugués, aportando un dos seguintes certificados:

- Parte A (B1-A, B2-A, C1-A) das probas de acreditación de competencia lingüística realizadas polo Centro de Linguas Modernas da USC (CLM).
- Título do CLM: nivel 5 (B1.2) ou superior.
- Documentos acreditativos de superación do B1 ou superiores expedidos polas universidades públicas españolas.
- EOI (Escola Oficial de Idiomas): Certificado de Nivel Intermedio 2 ou superior (R.D. 1629/2006) e 3º curso Ciclo Elemental (R.D. 967/1988) ou superior.
- DEPLE (Diploma Elemental de Portugués Lingua Estrangeira) ou superior.
- Estará exento de acreditar o coñecemento de idioma o estudantado que teña realizada unha estadía ERASMUS en Portugal, as/os estudantes de filoxía portuguesa e estudantes con materias cursadas de lingua portuguesa.

#### 7.4 EEUU, CANADÁ E AUSTRALIA

O mínimo para optar a estas universidades é:

TOELF Paper base	TOELF IBT	IELTS
500	61	6.0

Prégase ao/á estudante consultar requirimentos específicos no Anexo I ou na web das universidades respectivas onde se contemplan algún título a maiores, excepcións á obriga de título e nalgúns casos requisitos máis altos destes mesmos títulos. Non se outorgará destino ao alumnado que non presente o título requirido pola universidade solicitada.

O/a estudante cargará na aplicación informática o certificado de acreditación, ou no seu defecto, unha captura de pantalla no que se amose o TOEFL Score Report, a puntuación IELTS ou outra titulación aceptada.

#### 7.5 PAISES ASIATICOS E DE EUROPA DO LESTE

O/a estudante debe acreditar coñecementos lingüísticos do idioma do país a través de calquera título oficial existente desas linguas, cun nivel mínimo equivalente a B1 no Marco Común Europeo de Referencia.

No seu defecto bastará posuír os requisitos mínimos expresados no punto 7.4 ou outro dos títulos recoñecidos, sempre que a universidade de destino así o acepte.

O estudantado debe consultar os requirimentos específicos das universidades respectivas.

#### 7.6 SUIZA

No Anexo II especificanse os títulos de idioma requiridos para cada destino, inglés, alemán ou francés. A súa acreditación poderá facerse a través das probas do CLM ou con calquera dos títulos recollidos na listaxe publicada en

<https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/perfis/internacional/descargas/Erasmus/Anexo-II-Titulos-de-idioma-reconocidos.pdf>

7.7 Está exento de acreditar o coñecemento de idioma o estudantado das titulacións recollidas na Resolución Reitoral de 05/06/2015, que teñan superadas as materias ou módulos necesarios para que se lles recoñeza o nivel B1, B2, C1 ou C2. Esta Resolución Reitoral está dispoñible en:

<https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/13501>.

Esta excepción non se aplica ás universidades do punto 7.4

### 8. PRAZO, LUGAR E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

8.1 A solicitude deberase efectuar exclusivamente online a través da Secretaría Virtual (Expedientes > Intercambio > Convenio Bilateral 2021/22), seguindo as instrucións na aplicación informática. **Os estudantes terán de prazo dende a a publicación da presente convocatoria ata o 18 de Xaneiro de 2021.** A solicitude en liña estará aberta dende o 26 de Novembro ás 00:00 horas ata as 23:59 horas do 18 de Xaneiro.

8.2 Para seren admitidos/as ao procedemento de selección os/as estudantes manifestarán na súa solicitude que reúnen todos e cada un dos requisitos e condicións de acceso esixidas, referidas ao 13/01/2021, data de expiración do prazo sinalado para a presentación de solicitudes, con excepción dos requisitos dos puntos 2.1 e 2.5, referidos ao 31/10/2021.

8.3 A presentación da solicitude de mobilidade implica a total aceptación das bases por parte de cada solicitante. A mobilidade configúrase como bilateral, o que supón dúas condicións: en primeiro lugar a selección e presentación da candidatura por parte da USC á universidade de destino, e en segundo lugar a

aceptación da candidatura por parte da universidade de destino. As universidades de destino resérvanse o privilexio de rexeitar candidatos que non acaden a nota mínima esixible segundo as súas normativas internas de aplicación.

8.4 Unha vez finalizada a solicitude, a aplicación informática non permite volver acceder aos datos dela. Por iso, durante o prazo de solicitudes o estudantado que queira realizar algunha corrección ou modificación deberá abrir unha nova solicitude. Terase como válida a última solicitude concluída correctamente na aplicación informática antes do fin do prazo de solicitudes.

#### 8.5 Selección de destinos:

O estudantado debe examinar a conciencia a oferta académica das universidades da súa preferencia e facer unha escolla acorde á súa titulación e perfil académico, seguindo estes pasos:

1. Comprobar nos anexos I e II a listaxe de universidades ofertadas. No caso do Anexo II, Universidades suízas, só pode optar ás prazas o estudantado das Facultades sinaladas no mesmo.
2. A través dos enlaces entrar nas páxinas web das universidades para comprobar:
  - a. que a súa titulación estea entre as que oferta esa universidade, e
  - b. que as materias que levará no acordo académico son ofertadas no período en que pretende facer o intercambio.
  - c. que reúne os requisitos específicos establecidos pola universidade de destino na súa páxina web.
  - d. calendario académico dos destinos solicitados, (compatibilidade cos seus estudos na USC e con posteriores estudos que desexen emprender como calendario de admisións a mestrado, doutorado, etc.)
3. Reunirse co/a RAM do seu Centro na USC para revisar a escolla de universidades e materias, recibir asesoramento sobre o mesmo previo a completar a solicitude.
4. Indicar nas casillas correspondentes da aplicación en liña da solicitude na Secretaría Virtual as 10 universidades de destino, en orde de preferencia. No caso de que sexan menos as Universidades desexadas, repetir ata chegar ás 10.
5. Indicará tamén o período de estudos no que desexa facer o intercambio.

O estudantado completará todos os campos da súa solicitude en liña.

De solicitar destinos con requisito lingüístico o/a estudante cargará na aplicación informática, e no campo establecido ao efecto, a documentación requirida (documentos escanados en formato PDF, RTF, DOC, DOCX, ODT ou JPG; Peso máximo 2 MB):

- Certificacións ou títulos que acrediten o coñecemento de linguas estranxeiras, de acordo co apartado 7 desta convocatoria.
- Documento que acredite a lingua materna coincidente coa do país de acollida a efectos da exención para a acreditación do coñecemento de idioma.
- Declaración de estar nalgún dos casos de excepción á presentación de certificados ou documento identificativo (materias cursadas no idioma, Erasmus en curso anteriores, etc.). A Oficina de Mobilidade comprobará no expediente do estudantado a circunstancia alegada.

Se non presenta ningún destes documentos na solicitude, sairá excluída para o destino correspondente podendo achegalo na fase de emendas de solicitudes sempre que quede demostrado que tal requisito se reunía antes do fin de prazo de solicitudes.

Finalizado o prazo de solicitudes a prelación dos destinos convértese en definitiva non podendo en ningún caso o alumnado cambiar os destinos ou a orde dos mesmos. Unha vez publicadas as listaxes definitivas de



asignación de destinos non haberá listaxes de agarda nin reasignacións de destinos nas vacantes producidas por renuncias.

8.6 A/O estudante deberá imprimir e gardar unha copia da solicitude. Non será necesario entregala na Oficina de Mobilidade.

8.7 O alumnado que non realice a súa solicitude en prazo a través da Secretaría Virtual non será admitido ao proceso de selección. Nos casos nos que por motivos técnicos imputables á USC non sexa posible realizar a solicitude en prazo a través da Secretaría Virtual, a persoa afectada deberá presentar un escrito no Rexistro Electrónico da USC (<https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/rexistroElectronico.htm?execution=e2s1>) dirixido á Oficina de Mobilidade indicando esta circunstancia. De non presentar este escrito dentro do prazo de solicitude, a candidatura non será admitida ao proceso de selección.

## 9. LUGAR DE NOTIFICACIÓN DOS ACTOS DERIVADOS DA PRESENTE CONVOCATORIA

Os actos derivados da presente convocatoria así como a resolución definitiva, publicaranse no taboleiro de anuncios da SEDE ELECTRÓNICA. <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>, ademais da páxina web, <http://www.usc.es/internacional>

## 10. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

10.1 Rematado o prazo indicado no punto 8.1, a Oficina de Mobilidade publicará na Sede Electrónica da USC a listaxe provisional de admitidos a trámite.

10.2 O estudantado que na súa solicitude non tivera achegado toda a documentación esixida na presente convocatoria aparecerá como excluído. Non obstante, disporá dun prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da devandita listaxe provisional para emendar a súa solicitude a través do Rexistro da USC tal e como se explica no punto 8.7. Transcorrido ese prazo, publicarase a listaxe definitiva de candidaturas admitidas e excluídas xunto coa asignación provisoria de destinos.

## 11. CRITERIOS E PROCESO DE ASIGNACIÓN DE DESTINOS

11.1 O proceso de asignación de destinos será competencia da Oficina de Mobilidade. A Comisión de Asignación será presidida polo/a Vicerreitor/a con competencias na materia ou persoa en que delegue e composta por dúas persoas do persoal técnico da Oficina de Mobilidade, unha das cales actuará como secretaria/o.

11.2 Todas as solicitudes que cumpran os requisitos xerais desta convocatoria serán aceptadas como candidaturas válidas e entrarán no proceso de asignación de destinos.

11.3 Nos Anexos I e II consta o número total de prazas ofertadas para alumnos da USC en cada universidade de destino.

Dentro dese límite máximo, non se poderán asignar máis de dúas prazas para o estudantado dunha mesma titulación da USC para a mesma universidade de destino por semestre. Isto non se aplica ás Universidades suízas.

Algunhas universidades aplican outras restricións de prazas por áreas de coñecemento ou segundo o seu convenio coa USC; estes requisitos deben ser comprobados polo estudantado en cada web antes de facer a escolla de destinos. Tamén poderían estar indicadas, de xeito orientativo, no Anexo I e de xeito taxativo no Anexo II, non podendo solicitar esas prazas estudantes de Centros que non sexan os indicados. A información

do Anexo I é orientativa e pode variar para cada curso ou convocatoria. No Anexo I está indicado cando foi a última vez que se actualizou a información. En todo caso a universidade de destino resérvase a súa potestade de admisión.

11.4 Non se ampliará en ningún caso o número de prazas ofertadas segundo os Anexos, nin os límites de prazas por titulación e por destino. Queda expresamente prohibido que o alumnado contacte directamente con ningunha universidade coa intención de solicitar prazas novas ou unha ampliación das existentes.

11.5 Os destinos serán asignados en base unicamente aos destinos solicitados polo estudante e por estrita orde de media académica. A nota media que se terá conta será a media simple non penalizada a data 31/10/2020. No caso do estudantado de mestrías terase en conta a nota media de admisión á mestría.

No caso de haber máis solicitantes que prazas dispoñibles para unha mesma universidade, dirimirase en favor do mellor expediente académico. No caso de empate entre dúas candidaturas que solicitan a mesma universidade tomaranse en consideración como criterios supletorios, por esa orde: 1) nivel de idioma máis alto para os destinos que o requiran; 2) prioridade do/a estudante con maior número de créditos superados e, no caso de persistir o empate, 3) o menor número de convocatorias consumidas para a superación das materias do plan de estudos correspondente no total do seu expediente académico.

11.6 A Oficina de Mobilidade non lle asignará unha praza alternativa ao estudantado que fose rexeitado por unha universidade por non existir nela a súa titulación ou restricións expresas desa titulación para o intercambio, considerándose a persoa eliminada do programa.

11.7 Pode suceder que, aínda existindo a titulación na universidade asignada, a persoa proposta para o intercambio non atope materias no semestre da súa estadía coas que elaborar un acordo académico factible. Nese caso, probado este punto polo estudante con evidencias por escrito ante a Oficina de Mobilidade, tentarase como primeira opción pospor a incorporación ao seguinte semestre. Como segunda opción, e de xeito excepcional, podería valorarse propor a candidatura para outra universidade das indicadas na súa solicitude.

Tamén pode darse o caso do rexeitamento por parte da Universidade de acollida por mor de manter o equilibrio entre estudantes enviados e recibidos, ou rexeitamento pola nota media do/a estudante da USC nomeado. De darse estas situacións a Oficina de Mobilidade valorará propor a candidatura para outra universidade das indicadas na súa solicitude.

En todos estes casos terase en conta se existen prazas dispoñibles e que non pechara o prazo de aceptación de candidaturas de intercambio para cada universidade.

## **12. RESOLUCIÓN DEFINITIVA**

12.1 Contra a asignación provisional de destinos publicada pola Oficina de Mobilidade os interesados poderán presentar reclamacións e renuncias no prazo de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte á data da súa publicación. Transcorrido ese prazo e analizadas e resoltas, de ser o caso, as reclamacións, e reasignadas as prazas de producirse renuncias nesta fase, a Oficina de Mobilidade elevará a proposta de selección á Vicerreitoría de Estudantes e Proxección Internacional ou persoa en quen delegue.

12.2 A devandita resolución definitiva publicarase na SEDE ELECTRÓNICA da USC. Esta resolución esgotará a vía administrativa e contra ela poderase interpor recurso contencioso administrativo.

12.3 A USC realizará a comunicación ás Universidades de acollida dos estudantes seleccionados (nominación) para iniciar a súa mobilidade respectando os prazos marcados polas universidades de destino para a



presentación de candidaturas ao intercambio. **A aceptación dos candidatos é competencia exclusiva da universidade de destino.**

### 13. OBRIGAS DAS PERSOAS CANDIDATAS SELECCIONADAS

13.1 Os/As estudantes seleccionados/as deberán manifestar a súa aceptación ou renuncia (impreso modelo na <http://www.usc.es/internacional>), dirixida a Vicerreitoría de Estudantes Internacionalización e presentalo da Oficina de Mobilidade), no prazo de 10 días hábiles a partir da resolución definitiva. A partir desa data todos aqueles estudantes que non tiveran manifestado a súa aceptación ou renuncia, consideraranse decaídos dos seus dereitos e terán como consecuencia a suspensión da participación en programas de intercambio da USC, tanto no curso 21/22 coma nos seguintes.

13.2 As renuncias feitas fóra de prazo sen causa xustificada terán automaticamente como consecuencia a suspensión da participación en programas de intercambio da USC, tanto no curso 21/22 coma nos seguintes.

13.3 No referente a ser solicitante de varios programas de mobilidade ao mesmo tempo se atenderá ao exposto no punto 2.6.

13.4 Vencido o prazo para a aceptación/renuncia á praza de mobilidade, seguirase o seguinte procedemento:

- i. A Oficina de Mobilidade enviará as candidaturas dos/as estudantes seleccionados ás universidades de destino, os/as estudantes realizarán a súa postulación cara a universidade de destino e a mesma estudarán a postulación e lle enviarán ao alumno/a ou á Oficina de Mobilidade **a carta de aceptación** (documento imprescindible para o intercambio e para o trámite do visado).
- ii. Para presentar xunto coa súa postulación á universidade de destino o/a estudante pode necesitar preparar carta de motivación, currículum vitae, carta de presentación da referencia académica (a Oficina de Mobilidade facilita modelo). Tamén poderán pedir outros: pasaporte en vigor ata a data de fin de estada, certificado de antecedentes penais, certificación bancaria, etc. segundo as especificacións de cada universidade.
- iii. O/A estudante formalizará un **acordo de estudos** (*learning agreement*, ver o punto 14). Neste documento o/a estudante determinará, dunha parte, as materias elixidas na universidade de destino e da outra as materias das que terá que formalizar matrícula na USC, e pretenda o seu recoñecemento. Dito acordo será formalizado antes de partir, se ben é posible modificalo durante o primeiro mes tras a incorporación á universidade de destino. O acordo de estudos será asinado como mínimo polo estudante, o Responsable Académico de Mobilidade (RAM) e o coordinador institucional da USC.
- iv. O estudantado seleccionado deberá **formalizar matrícula na USC** da totalidade dos créditos incluídos no seu acordo de estudos nos prazos establecidos e aboar os prezos públicos correspondentes.
- v. A **Credencial de Estudiante de Intercambio** é o documento oficial que acredita e autoriza ao/a estudante a iniciar a mobilidade internacional, fixando a universidade de destino, período de estada e calquera outra característica relevante a efectos oficiais. **A USC non acreditará a ningún estudante como estudante de intercambio antes de que achegue un acordo de estudos válido á Oficina de Mobilidade.**
- vi. O estudantado deberá cursar na universidade de destino os estudos reflectidos no acordo de estudos ata o remate do período na mesma.

- vii. O estudiantado deberá formalizar o **seguro médico** dispoñible para os estudantes de intercambio. Dito seguro aboarase xunto coa matrícula. De precisar a súa contratación con anterioridade as datas de matrícula o estudiantado fará chegar unha petición á Oficina de Mobilidade que o informará sobre o proceso de contratación anticipada.
- viii. Obtida a carta de aceptación da universidade de destino, o estudiantado ten que solicitar o **visado de estudante** na Embaixada do país correspondente en España porque os países extra comunitarios requiren visado de entrada. É responsabilidade do estudiantado informarse coa Embaixada correspondente dos requisitos e documentación que precise e facer a solicitude de visado coa antelación suficiente. A renuncia á mobilidade causada pola mala xestión do visado por parte do estudiantado dará lugar ás penalizacións expresadas no punto 13.2.
- ix. O estudiantado seleccionado deberá acceder aos programas das materias nos sitios web das universidades de destino de cara a elaboración do acordo académico. Tamén deberá empregar o sitio web da universidade de destino para obter calquera información complementaria que precise.
- x. O estudiantado de intercambio levará consigo os seguintes documentos:
  - a. Acordo de estudos
  - b. Carta de aceptación da Universidade de destino
  - c. Credencial de estudante de intercambio expedida pola Oficina de Mobilidade
  - d. Seguro médico
  - e. Visado de estudos en vigor (no seu caso)
- xi. O estudiantado deberá **acreditar** perante a Oficina de Mobilidade **a súa data de chegada á Universidade de destino e a súa data de fin de presenza**, bastando coa remisión por correo electrónico a: [bilateral.exchange@usc.es](mailto:bilateral.exchange@usc.es) (Santiago) e [international.lugo@usc.es](mailto:international.lugo@usc.es) (Lugo) dos impresos correspondente (modelo facilitado pola Oficina de Mobilidade no seu sitio web) debidamente selado pola Institución receptora.

**Estes trámites son obrigatorios.**

## 14. REDACCIÓN E CONTIDOS DO ACORDO DE ESTUDOS

14.1 O estudiantado que resulte seleccionado para participar nun programa ou convenio de mobilidade deberá, con carácter previo ao inicio da mobilidade, e contando co asesoramento do seu respectivo/a coordinador/a académico/a, formalizar un acordo de estudos (learning agreement). Nel incluíranse as materias ou actividades que se van cursar na universidade de destino e as materias correspondentes ao plan de estudos que se está a cursar na USC e cuxo recoñecemento se vai obter como consecuencia da superación daquelas, así como a equivalencia en créditos.

14.2 O estudiantado poderá incluír materias suspensas no acordo de estudos consonte á Instrución 1/2013, da Secretaría Xeral da USC do 15 de maio de 2013 dispoñible en: <http://www.usc.es/es/perfis/internacional/normativa.html>. O alumnado poderá cursar en réxime de intercambio tantas materias suspensas como cursos académicos nos que estivera matriculado, sen contar o curso en que vaia realizar a mobilidade. Deste xeito, un estudante matriculado en cuarto curso no ano que realice o intercambio podería incluír tres materias suspensas dos cursos previos. Do resto das materias suspensas non poderá matricularse, agás que o seu intercambio sexa dun semestre. Neste caso deberá matricularse na USC das materias suspensas do período en que non vaia realizar a mobilidade. As materias “Non presentadas” non forman parte deste cómputo.

14.3 No acordo de estudos poderá figurar un número de créditos baixo a epígrafe

"Créditos optativos xenéricos – programa de intercambio", naqueles casos onde as actividades que o estudantado vaia realizar na universidade de acollida non coincidan coas materias propias da titulación da USC. O número de créditos optativos xenéricos ten que coincidir exactamente co número de créditos ECTS da actividade na universidade de acollida. Na resolución de recoñecemento de estudos terá que figurar a denominación concreta e os créditos aplicables a cada materia ou actividade realizada. Pódense incluír créditos optativos xenéricos na parte da USC, pero non na parte correspondente ás materias ou actividades a cursar na universidade de acollida. Estas teñen que estar claramente reflectidas no acordo de estudos.

14.4 O número mínimo de créditos que se deben incluír no acordo de estudos (na parte da USC) será o equivalente a 20 ECTS para un semestre e 40 para o curso completo.

14.5 O número máximo de créditos que ordinariamente se incluírán no acordo é o equivalente a 60 ECTS (ou os correspondentes a un curso académico completo na USC) para un curso académico completo ou o equivalente a 30 ECTS para un semestre. Só en casos en que así o esixa a adaptación curricular ao sistema de semestres, o estudantado que realice unha estada de mobilidade dun semestre poderá superar o límite de 30 ECTS, ata un máximo de 35 ECTS e de 45 para dobres graos. De forma extraordinaria e en función de circunstancias académicas acreditadas polo Centro, o alumnado poderá matricular ata 75 ECTS en materias de intercambio, ampliable a 90 ECTS para dobres graos ou programas de simultaneidade e sempre que a universidade de acollida acepte asinar o acordo de estudos deste alumnado e lles permita cursar ese número de créditos.

14.6 O período de intercambio poderá incluír unha formación práctica e traballos academicamente dirixidos ou similares, se estes traballos figuran no plan de estudos. Os traballos de fin de grao (TFG) e traballos de fin de mestrado (TFM) poderán defenderse ben na USC, ben na universidade de destino, segundo quede establecido no plan de estudos correspondente e pola regulamentación xeral de traballos de fin de grao e de fin de mestrado da USC.

14.7 A data límite para entregar o acordo de estudos no decanato ou dirección do centro é o 31 de maio 2021 para as mobilidades do primeiro semestre ou de curso completo e o 31 de outubro 2021 para as mobilidades do segundo semestre. Unha vez elaborado o acordo de estudos non se admitirán a trámite modificacións do mesmo antes da incorporación do estudantado á universidade de acollida, agás que lle sexa requirido pola universidade de destino.

## 15. FORMALIZACIÓN DO ACORDO DE ESTUDOS

15.1 Unha vez asinado o acordo de estudos ou a súa modificación, o/a coordinador/a académico/a remitirao, dentro dos prazos previstos, ao/á responsable académico/a de mobilidade do seu centro e á unidade de apoio, que revisarán o contido, comprobando a equivalencia das materias propostas e o cumprimento das normas de matrícula e permanencia da USC. Finalizado o proceso de comprobación, o acordo remitirase á Oficina de Mobilidade que procederá á súa sinatura como coordinador institucional.

15.2 Unha vez asinado o acordo de estudos pola Oficina de Mobilidade, esta devolverá o orixinal á unidade de apoio, que o poñerá en coñecemento da UXA e, ao mesmo tempo, a Oficina de Mobilidade remitirá por correo electrónico o acordo ao estudiante, quen tramitará á universidade de destino o acordo de estudos, xunto co resto da documentación que lle requiran, para o seu coñecemento e para os efectos de confirmar a aceptación do estudante para cursar as materias propostas.

15.3 O mencionado documento adquirirá carácter definitivo cando estea asinado polo/a estudante, coordinador/a académico/a, a Oficina de Mobilidade, que actuará como coordinador institucional da USC, e pola universidade de destino.

15.4 O documento terá carácter vinculante sempre que se cumpran os requisitos establecidos no programa de intercambio, no plan de estudos da titulación da persoa interesada e nas normas de matrícula e permanencia da USC.

15.5 Ningunha persoa poderá incorporarse á universidade de destino sen estar en posesión deste documento debidamente asinado no modelo da USC.

## 16. MODIFICACIÓN DO ACORDO DE ESTUDOS

O acordo de estudos poderase modificar seguindo o procedemento previsto para a elaboración do documento inicial **ata un mes despois da incorporación do estudante á universidade de destino**. Rematado o prazo dun mes, a modificación do acordo de estudos só se autorizará por causas extraordinarias e debidamente xustificadas (por exemplo o incumprimento das normas de matrícula), por proposta do responsable académico de mobilidade, logo de visado do SRE, e con resolución da Vicerreitoría de Estudantes e Proxección Internacional. Abrirase un novo período de modificacións dun mes para as materias do segundo semestre cando este comece na Universidade de acollida. Non se poderán facer modificacións extraordinarias do acordo de estudos con posterioridade á resolución do recoñecemento. Toda modificación do acordo de estudos que afecte ás materias da USC levará parella a modificación da matrícula. A Oficina de Mobilidade dará traslado dos cambios ao acordo de estudos aprobados á UXA correspondente que realizará a modificación de matrícula de oficio.

## 17. MATRÍCULA

17.1 Unha vez formalizado o acordo de estudos, o alumnado deberá formalizar a matrícula na USC do total dos créditos incluídos no acordo de estudos dentro dos prazos ordinarios establecidos.

17.2. As unidades de xestión académica (UXAs) procesarán de xeito provisional a matrícula daquel estudiantado que presente un acordo de estudos en que falten as sinaturas da universidade de destino, a expensas de que as persoas afectadas remitan á Oficina de Mobilidade o documento completado con todas as sinaturas **no prazo dun mes dende a súa chegada á universidade de acollida**.

17.3. Esta matrícula reportará os prezos públicos que determine o decreto correspondente da Xunta de Galicia e calquera outra norma que sexa aplicable á matrícula ordinaria. A realización do mencionado pagamento de prezos públicos suporá a consideración como estudante da USC para todos os efectos.

17.4. De xeito complementario ao seguro escolar de subscripción obrigatoria para todo o estudiantado da USC, o alumnado seleccionado para unha mobilidade de Convenio Bilateral terá que subscribir o seguro de accidentes e asistencia en viaxe para estudantes que determine a USC, independentemente da existencia de requisitos adicionais impostos pola institución de acollida. A contratación de dito seguro está vinculada á matrícula para o período de intercambio e a póliza poderá ser descargada dende a Secretaría Virtual do alumnado.

17.5. Unicamente se poderá formalizar matrícula de materias que non estean no acordo de estudos se o período de mobilidade é dun semestre, para render exame na USC nas materias cuadrimestrais que non se correspondan co semestre de mobilidade. Tamén poderán matricular os traballos de fin de grao e as prácticas para realízalos na USC sen telos no Acordo de Estudos, cando cumplan os requisitos regulares para facelo. O número máximo de créditos dos que se pode matricular o alumnado sumando as materias incluídas no acordo de estudos e as non incluídas é de 75 ECTS ou 90 ECTS nas dobres titulacións e programas de simultaneidade.

17.6. O estudantado seleccionado estará sometido ao réxime de estudos da universidade de destino e disporá das convocatorias de exame que esta teña establecidas. Non obstante, ao alumnado permitiráselle presentarse aos exames de segunda oportunidade na USC das materias cursadas na universidade de destino sempre que se cumplan todas as seguintes condicións:

- Que a materia non se superase na universidade de destino, circunstancia que debe acreditarse no momento da solicitude.
- Que a materia da titulación de orixe teña contidos equivalentes aos da materia cursada na universidade de destino. En ningún caso se permitirá presentarse a exame na USC de materias das que estea matriculado na universidade de destino e que non existan no plan de estudos da USC.
- Que a guía docente non estableza criterios ou sistemas de avaliación que impidan a superación da materia de xeito independente (por exemplo, sen ter asistido a clase) na segunda oportunidade.

A solicitude de **presentación á segunda oportunidade** deberá realizarse perante a coordinación académica por calquera medio que permita constancia da súa recepción cun mínimo de 30 días antes do período de exames de segunda oportunidade. A coordinación académica comprobará que a solicitude reúne os requisitos e remitiraa ao centro con informe favorable ou desfavorable. O/A RAM autorizará ou desestimarará a solicitude por calquera medio que permita ter constancia e comunicarao con antelación suficiente ao/a profesor/a da materia antes da avaliación e á persoa interesada. A Unidade de apoio á xestión de cada centro comunicará á UXA correspondente a relación do estudantado que se vai acoller a esta posibilidade para que esta lle retire a condición de estudante de intercambio na acta e que poida ser cualificado.

## 18. INSCRICIÓN NA UNIVERSIDADE DE DESTINO

18.1. Os/As estudantes deberán realizar para a súa inscrición na universidade de destino os trámites administrativos que esta determine de acordo coas súas propias normas de organización, co respectivo programa ou convenio de mobilidade estudantil, e coa información facilitada desde a USC.

18.2. Na maioría das universidades de acollida é preciso facer unha solicitude de admisión como estudante de intercambio con moita antelación ao período de mobilidade. **É responsabilidade do estudantado facer dita solicitude de admisión en tempo e forma.**

## 19. RECEPCIÓN DAS CUALIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTO DOS ESTUDOS REALIZADOS

19.1. Unha vez finalizada a súa estadía na universidade de destino, o estudiantado deberá solicitar do órgano competente nesa universidade a expedición dunha **certificación académica** orixinal acreditativa dos estudos realizados, coa denominación das correspondentes materias ou actividades, os créditos obtidos e a cualificación acadada. No caso de cualificacións emitidas en formato dixital polas universidades estranxeiras, só se considerarán válidas nos casos en que se poda comprobar a autenticidade das cualificacións por medios electrónicos, ou no caso de seren recibidas nos Decanatos ou na Oficina de Mobilidade por parte das universidades de destino. Non se admitirán acreditacións electrónicas procedentes en exclusiva dos propios discentes. É **responsabilidade do estudiantado conseguir esa certificación**, que é imprescindible para poder realizar o recoñecemento dos seus estudos feitos fóra. A USC non se responsabilizará naqueles casos onde o estudiantado debido a unha recepción tardía do certificado académico da universidade de acollida non poida cumprir con prazos (por exemplo, de admisión en másters, TFG/TFM, prácticas,...) do seguinte curso académico.

Non serán recoñecidos estudos ou actividades realizados que non figuren no acordo de estudos, nin aqueles de que o estudante non se matriculase previamente, sen prexuízo da posibilidade da súa constancia no suplemento europeo ao título (SET).

19.2 Para o recoñecemento e en especial o establecemento da equivalencia de cualificacións estarase ao disposto na normativa vixente aprobada pola USC.

19.3 A proposta de resolución de recoñecemento de estudos será elevada pola unidade de apoio á xestión do centro ao/á decano/a ou director/a do centro para que se emita a correspondente resolución. Esta resolución seralle comunicada ao interesado e remitida á UXA correspondente acompañada das certificacións para a súa custodia no expediente documental do/a estudante e para que proceda á imputación das cualificacións no seu expediente académico. A proposta de resolución de recoñecemento só é vinculante se reúne os requisitos legais, os da convocatoria, os do Regulamento de Intercambios da USC, a normativa sobre recoñecemento e os do plan de estudos. As mencionadas cualificacións imputaranse de oficio no citado expediente na primeira convocatoria ordinaria en que se poida incluír. A resolución de recoñecemento debe trasladar as cualificacións outorgadas ao sistema español tal como veñen recollidas na certificación emitida pola universidade de acollida, seguindo a normativa referida no punto 19.2 e as táboas de equivalencia aprobadas por Acordos da Comisión de Validacións e Recoñecementos Complementarias ás táboas do MECD, para os casos que non existan equivalencias aplicables, dispoñibles en:

[http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/mobilidade/estudiantes\\_outgoing.html](http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/mobilidade/estudiantes_outgoing.html)

19.4 O recoñecemento dos estudos queda supeditado ao cumprimento de todas as obrigas por parte do estudiantado de intercambio.



## 20. ANEXOS

As persoas solicitantes deben ler atentamente os ANEXOS informativo desta convocatoria.

Anexo I: Listado das universidades de destino, prazas ofertadas e de datos institucionais das universidades de destino.

Anexo II: Listado das universidades de destino en Suíza, prazas ofertadas distribuídas por Facultades e de datos institucionais das universidades de destino.

A presentación de solicitudes supón a aceptación das bases da presente convocatoria.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela ou Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Isto non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que ditou a presente resolución. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O Reitor

Por delegación de competencias (R.R. 30 de abril de 2020, DOG do 11 de maio de 2020)

O vicerreitor de Estudantes e Proxección Internacional

Víctor Arce Vázquez

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** VICTOR MANUEL ARCE VAZQUEZ, VICERREITOR DE ESTUDANTES E PROXECCION INTERNACIONAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 25/11/2020 11:23:05.

**CSV:** D869-02F2-44C3-9D7C